Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dalgún proxecto de restauración dos terreos e augas afectadas pola antiga explotación mineira de Touro, a súa opinión referida á viabilidade medioambiental do actual proxecto de reapertura da mina e a súa información en relación cos expedientes sancionadores abertos á empresa solicitante noutras explotacións mineiras da súa titularidade por reiterados incumprimentos das condicións da concesión, así como as medidas que vai adoptar para evitar estes incumprimentos no caso da autorización do proxecto

BOPG nº 242, do 18.01.2018

- 10/POC-003727 (22663)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa, Prado Cores, María Montserrat, Pontón Mondelo, Ana Belén, Rivas Cruz, José Luis, Rodil Fernández, Olalla e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as actuacións directas levadas a cabo pola Xunta de Galicia para evitar que os gandeiros teñan que vender ou sacrificar o gando pola falta de alimento, como consecuencia da seca e da vaga de lumes da primeira quincena do mes de outubro de 2017

BOPG nº 242, do 18.01.2018

- 10/POC-003728 (22664)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís, Prado Cores, María Montserrat, Pontón Mondelo, Ana Belén, Rodil Fernández, Olalla, Presas Bergantiños, Noa e Rivas Cruz, José Luis

Sobre os datos referidos ao impacto nos espazos naturais de Galicia dos incendios forestais producidos no mes de outubro de 2017, en concreto, durante a crise dos días 14, 15 e seguintes dese mes, e a fundamentación das manifestacións referidas á existencia dun «ataque incendiario» iniciado neles e estendido logo ao resto do territorio, así como sobre os medios de extinción empregados e as medidas adoptadas e previstas para combater os danos causados

BOPG nº 242, do 18.01.2018

- 10/POC-003787 (22986)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis, Prado Cores, María Montserrat, Bará Torres, Xosé Luís, Pontón Mondelo, Ana Belén, Rodil Fernández, Olalla e Presas Bergantiños, Noa

Sobre as razóns das reiteradas demoras na resolución das axudas para a implantación de medidas preventivas fronte aos ataques do lobo e do xabaril, a insuficiencia do prazo establecido para a súa xustificación e as previsións do Goberno galego ao respecto, así como as súas intencións en relación cos danos que ocasiona o porco bravo nos cultivos e as medidas que está a adoptar para controlar a súa poboación e diminuír o seu impacto na actividade agrogandeira

BOPG nº 246, do 24.01.2018

- 10/POC-003818 (23188)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre as razóns da demora na elaboración do informe referido aos riscos que presentan para os veciños as rochas que quedaron ao descuberto tras o incendio declarado en outubro de 2017 no monte do Castro, na parroquia de Chandebrito, no concello de Nigrán, así como as actuacións e a colaboración financeira prevista pola Xunta de Galicia para os evitar

BOPG nº 247, do 25.01.2018

- 10/POC-003886 (23398)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis, Prado Cores, María Montserrat, Bará Torres, Xosé Luís, Pontón Mondelo, Ana Belén, Rodil Fernández, Olalla e Presas Bergantiños, Noa

Sobre as razóns do Goberno galego para non adoptar medidas co fin de manter en uso, en réxime de arrendamento a través do Bantegal, as terras que están a abandonar a actividade agrogandeira, as que vai adoptar para evitar o seu pase ao uso forestal, así como para a recuperación das xa forestadas de xeito ilegal

BOPG nº 247, do 25.01.2018

- 10/POC-003955 (23696)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as medidas preventivas que está a adoptar a Xunta de Galicia para loitar contra a erosión do solo e os protocolos que está a aplicar ao longo do ano

BOPG nº 251, do 01.02.2018

- 10/POC-003956 (23701)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as axudas económicas que vai pór en marcha a Xunta de Galicia para a adaptación do sector agrícola á nova normativa europea que obriga as granxas a aplicaren os zurros a través dunha inxección no solo

BOPG nº 251, do 01.02.2018

- 10/POC-003957 (23707)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación coa situación en que se atopa o sector lácteo, os datos referidos ás explotacións que están a cobrar prezos por debaixo dos custos de produción e as garantías establecidas para o cumprimento do acordo asinado para o sector, así como as medidas adoptadas ao respecto

BOPG nº 251, do 01.02.2018

- 10/POC-003961 (23780)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre a análise que fai a Xunta de Galicia en relación coas axudas concedidas ás persoas afectadas pola vaga de lumes rexistrada no ano 2017, así como as súas previsións ao respecto

BOPG nº 251, do 01.02.2018

- 10/POC-003994 (23999)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para evitar o perigo de extinción de varias especies de gando autóctonas

BOPG nº 251, do 01.02.2018

- 10/POC-004099 (24527)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio

Sobre os datos referidos á tramitación pola Xunta de Galicia de expedientes en relación cos danos causados polo lobo no período comprendido entre os anos 2011 e 2017 en cada unha das provincias de Galicia, especificados por concellos

BOPG nº 256, do 08.02.2018

- 10/POC-004100 (24528)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio

Sobre as causas da extensión ao concello de Cariño da praga de couza guatemalteca que está a afectar a pataca, a posibilidade de aparición de máis concellos afectados e as novas medidas que vai adoptar a Consellería do Medio Rural ao respecto, así como o seu tratamento na Comisión de seguimento da praga

BOPG nº 256, do 08.02.2018

- 10/POC-004101 (24529)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio

Sobre a dispoñibilidade pola Xunta de Galicia dalgunha medida de discriminación positiva para promocionar a venda dos produtos hortícolas dos pequenos produtores, así como as súas intencións referidas á axuda para incorporalos á venda de produtos nas grandes superficies comerciais

BOPG nº 256, do 08.02.2018

- 10/POC-004105 (24533)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio

Sobre o coñecemento polo Goberno galego da situación en que se atopan os gandeiros con terreos de pastoreo queimados e os efectos que tería a imposibilidade de acceder a unha parte das axudas da política agrícola común (PAC) nos anos 2018 e 2019, a consecuencia da prohibición de usar esas zonas durante dous anos establecida na Lei de montes de Galicia, os datos referidos ás explotacións beneficiarias da PAC afectadas, así como as medidas que vai adoptar ao respecto

BOPG nº 256, do 08.02.2018

- 10/POC-004108 (24538)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel, Quiroga Díaz, José Antonio e Vilán Lorenzo, Patricia

Sobre a atribución da competencia da certificación dos traballos das brigadas municipais contra incendios forestais, os datos referidos aos convenios relacionados con elas asinados polos concellos na campaña de 2017, así como o número das que estiveron activas na vaga de lumes de outubro de 2017

BOPG nº 256, do 08.02.2018

- 10/POC-004109 (24543)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio

Sobre a adquisición polo Goberno galego do material suficiente para iniciar no mes de febreiro de 2018 o tramepo masivo contra a avespa velutina, as súas previsións en relación coa posta en marcha dunha campaña informativa e divulgativa ao respecto e a consignación dunha partida orzamentaria suficiente para profundar na investigación e erradicar esa especie, así como o establecemento de axudas directas para afrontar os danos causados á poboación apícola

BOPG nº 256, do 08.02.2018

- 10/POC-004142 (25060)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio

Sobre os datos referidos ás granxas que teñen como actividade principal ou secundaria o gando ovino e cabrún con actividade desde o ano 2012 e existentes na actualidade en Galicia, así como o volume de produción declarado, a súa facturación e o prezo de venda nos últimos doce meses

BOPG nº 261, do 15.02.2018

- 10/POC-004165 (25359)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre as razóns da demora do Goberno galego no pagamento das axudas da PAC para o ano 2017 e as previsións da Consellería do Medio Rural respecto do seu adianto

BOPG nº 261, do 15.02.2018

- 10/POC-004175 (25427)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da creación nos centros de formación e experimentación agroforestal dun módulo específico en gandaría ovina e caprina, así como a achega de fondos, impulso e promoción da marca de garantía Pastores de Galicia

BOPG nº 261, do 15.02.2018

- 10/POC-004216 (25603)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia, Quiroga Díaz, José Antonio, Pérez Seco, José Manuel, Díaz Villoslada, Juan Manuel, Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña, Fernández Fernández, Raúl e Pierres López, María Luisa
Sobre os datos referidos aos corpos dos equipos forestais de investigación e de vixilancia de cumprimento, anunciados polo Sr. presidente da Xunta de Galicia para a loita contra os incendios, así como as actuacións previstas para compatibilizar os dereitos reflectidos na Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, coa creación dunha rede de vixilancia forestal con instalación de cámaras

BOPG nº 261, do 15.02.2018

- 10/POC-004228 (25825)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre a nova normativa europea que afecta a aplicación do xurro e do esterco

BOPG nº 261, do 15.02.2018

- 10/POC-004238 (25932)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as razóns da demora da Consellería do Medio Rural no deseño e aplicación do plan especial comprometido para axudar os gandeiros afectados pola seca nos concellos de Viana do Bolo, Vila-riño de Conso, A Mezquita, A Gudiña, O Bolo e A Veiga

BOPG nº 264, do 21.02.2018

- 10/POC-004324 (26547)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio

Sobre as razóns e os resultados das inspeccións levadas a cabo pola Consellería do Medio Rural durante o mes de xaneiro de 2018 nos almacéns dos produtores de pataca da comarca de Xinzo de Limia

BOPG nº 268, do 28.02.2018

- 10/POC-004330 (26570)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as actuacións que vai levar a cabo a Xunta de Galicia diante do Goberno central e a Unión Europea en relación coa posible eliminación por esta das partidas da política agraria común e dos fondos estruturais para derivalos a outros fins ou investimentos

BOPG nº 268, do 28.02.2018

- 10/POC-004342 (26684)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as medidas que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para reducir a superficie actual de eucalipto nos terreos agrícolas ou nas figuras de protección medioambiental

BOPG nº 268, do 28.02.2018

- 10/POC-004343 (26692)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David, Villares Naveira, Luis e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para prohibir as practicas abusivas das multinacionais en relación cos contratos lácteos

BOPG nº 268, do 28.02.2018

- 10/POC-004380 (27001)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio

Sobre as razóns da diferenza existente entre o prezo do leite en Galicia no ano 2017 e o da media do Estado, as actuacións que está a levar a cabo a Consellería do Medio Rural para equilibrar a fenda de prezos entre comunidades autónomas e mellorar a situación dos gandeiros galegos, así como as previstas para frear o peche de explotacións e reverter a situación actual

BOPG nº 272, do 07.03.2018

- 10/POC-004390 (27051)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis, Prado Cores, María Montserrat, Bará Torres, Xosé Luís, Pontón Mondelo, Ana Belén, Rodil Fernández, Olalla e Presas Bergantiños, Noa

Sobre o acordo do Concello de Dodro referido ao traslado dun polígono industrial inserido no actual PXOM ao lugar da Cancela Abrea, situado no polígono 27 da concentración parcelaria de montes que se está a executar nas parroquias de Dodro e Láíño

BOPG nº 272, do 07.03.2018

- 10/POC-004408 (27168)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre a xestión que vai levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa madeira afectada polos incendios forestais que a día de hoxe segue nos montes

BOPG nº 272, do 07.03.2018

- 10/POC-004424 (27296)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis, Prado Cores, María Montserrat, Rodil Fernández, Olalla, Pontón Mondelo, Ana Belén, Bará Torres, Xosé Luís e Presas Bergantiños, Noa

Sobre o suposto incumprimento do prego de prescricións técnicas pola empresa contratada pola Consellería do Medio Rural para a prestación do servizo dun helicóptero e unha brigada con destino ao Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais durante os anos 2015, 2016 e 2017, prorrogable ata 2019, na base de Toén

BOPG nº 277, do 15.03.2018

- 10/POC-004438 (27412)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre o uso das bases públicas da Xunta de Galicia polos helicópteros dunha empresa privada, tralo remate do seu contrato, para labores de restauración das zonas afectadas polos incendios no Macizo Central Ourensán

BOPG nº 277, do 15.03.2018

- 10/POC-004449 (27488)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel, Quiroga Díaz, José Antonio, Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre o contido do informe presentado pola Consellería do Medio Rural no Consello da Xunta de Galicia, o día 14 de decembro de 2017, en relación coa execución da medida do programa Leader de desenvolvemento rural para dinamizar o agro galego, a valoración do Goberno galego e os datos ao respecto

BOPG nº 277, do 15.03.2018

- 10/POC-004450 (27489)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel, Quiroga Díaz, José Antonio, Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada

Álvarez, Abel Fermín

Sobre o financiamento asignado a cada un dos 24 grupos de desenvolvemento rural con cargo á medida Leader de desenvolvemento rural para dinamizar o agro galego, os proxectos financiados, así como os que quedaron sen financiamento en cada un deses grupos

BOPG nº 277, do 15.03.2018

- 10/POC-004473 (27698)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para paliar a baixada da actividade comercial nos concellos do rural

BOPG nº 280, do 21.03.2018

- 10/POC-004474 (27700)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre as razóns do baixo nivel de execución que presentan os orzamentos que se poderían destinar á protección e explotación do monte e as medidas previstas pola Xunta de Galicia ao respecto
BOPG nº 280, do 21.03.2018

- 10/POC-004486 (27809)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para evitar os riscos que presentan para as persoas as arpas de elaboración caseira que están a utilizar os apicultores como sistema de loita contra a avespa velutina, así como os datos ao respecto

BOPG nº 280, do 21.03.2018

- 10/POC-004491 (27833)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as razóns da demora da Consellería do Medio Rural no libramento do 40% das axudas concedidas para loitar contra a praga da couza guatemalteca da pataca

BOPG nº 280, do 21.03.2018

- 10/POC-004512 (27957)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para non levar a cabo todos os pagamentos pendentes das axudas correspondentes á praga de couza guatemalteca da pataca e o prazo previsto para ese fin

BOPG nº 280, do 21.03.2018

- 10/POC-004526 (28064)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis, Prado Cores, María Montserrat, Bará Torres, Xosé Luís, Pontón Mondelo, Ana Belén, Rodil Fernández, Olalla e Presas Bergantiños, Noa

Sobre a obrigatoriedade da xestión telemática das solicitudes de axudas para accións silvícolas de prevención dos danos causados aos bosques por incendios e desastres naturais e para o incremento da capacidade de adaptación e do valor ambiental dos ecosistemas forestais

BOPG nº 285, do 28.03.2018

- 10/POC-004528 (28067)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre os datos que manexa a Xunta de Galicia en relación cos efectos do temporal Félix na propagación de cinza, carbóns e sedimentos que se formaron a causa dos lumes e as medidas que ten previstas para evitar o seu espallamento e a súa retirada

BOPG nº 285, do 28.03.2018

- 10/POC-004537 (28184)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vega Pérez, Daniel, González Vázquez, José, Amigo Díaz, María Encarnación, Arias Rodríguez, Raquel, Balseiros Guinarte, Silvestre José, Blanco Paradelo, Moisés e Gómez Salgado, Carlos

Sobre a situación da brucelose bovina e a tuberculose bovina en Galicia e as previsións da Xunta de Galicia en relación coa posibilidade de acadar o estatuto de rexión indemne destas enfermidades, así como os protocolos empregados para acadar a erradicación delas

BOPG nº 285, do 28.03.2018

- 10/POC-004551 (28310)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David, Quinteiro Araújo, Paula e Vázquez Verao, Paula

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para non publicar o Programa de desenvolvemento rural sostenible 2014-2020, así como as súas zonas e plans de zona, na páxina web da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural

BOPG nº 285, do 28.03.2018

- 10/POC-004553 (28321)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre o custo real para o erario público de Galicia da contratación dos servizos da UME e da Operación Centinela para labores de loita contra os incendios forestais nos anos 2016 e 2017

BOPG nº 285, do 28.03.2018

- 10/POC-004575 (28494)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel, Quiroga Díaz, José Antonio e Toja Suárez, María Dolores

Sobre as causas da expansión ao concello de Muxía da praga de couza guatemalteca da pataca, a data prevista pola Consellería do Medio Rural para a retirada nese concello das patacas infestadas e a posible aparición doutros concellos con esa praga, así como a adopción de novas medidas ao respecto

BOPG nº 287, do 04.04.2018

- 10/POC-004617 (28793)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio

Sobre a data fixada pola Consellería do Medio Rural para a xuntanza da Comisión de Seguimento da Couza Guatemalteca da Pataca

BOPG nº 289, do 11.04.2018

- 10/POC-004619 (28803)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vega Pérez, Daniel, González Vázquez, José, Amigo Díaz, María Encarnación, Arias Rodríguez, Raquel, Balseiros Guinarte, Silvestre José, Blanco Paradelo, Moisés e Gómez Salgado, Carlos

Sobre os controis sanitarios da brucelose que se van realizar en cumprimento da normativa europea nas explotacións bovinas de leite e de carne, así como no gando ovino e caprino

BOPG nº 289, do 11.04.2018

- 10/POC-004622 (28823)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis, Bará Torres, Xosé Luís, Rodil Fernández, Olalla, Pontón Mondelo, Ana Belén, Prado Cores, María Montserrat e Presas Bergantiños, Noa

Sobre as actuacións previstas pola Consellería respecto da situación do gandeiro da parroquia de Galegos, do concello de Riotorto, afectado pola execución forzosa do baleiro sanitario da súa subexplotación bovina de produción-reprodución de carne, así como da súa subexplotación de pequenos rumiantes

BOPG nº 289, do 11.04.2018

- 10/POC-004662 (29091)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis, Prado Cores, María Montserrat, Bará Torres, Xosé Luís, Pontón Mondelo, Ana Belén, Rodil Fernández, Olalla e Presas Bergantiños, Noa

Sobre as razóns da demora da Consellería do Medio Rural na atención da formación específica do persoal do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais segundo o disposto na nova Lei de protección civil do Estado, así como na elaboración dos protocolos de actuación nos lumes interface ou lumes urbano-forestais, segundo recomenda a Lei orgánica 4/2015, de protección da seguridade cidadá

BOPG nº 293, do 18.04.2018

- 10/POC-004675 (29199)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre a valoración do Goberno galego en relación co pronunciamento do Comité Científico do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente referido á inclusión de todas as variedades de eucalipto no Catálogo estatal de especies exóticas e invasoras, a súa congruencia coa redacción que presenta o borrador para a revisión do Plan forestal de Galicia de 1992 e a súa opinión ao respecto

BOPG nº 293, do 18.04.2018

- 10/POC-004681 (29233)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis, Prado Cores, María Montserrat, Bará Torres, Xosé Luís, Pontón Mondelo, Ana Belén, Rodil Fernández, Olalla e Presas Bergantiños, Noa

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para non modificar o Decreto 23/2016, do 25 de febreiro, co fin de simplificar a tramitación do reinvestimento dos ingresos obtidos polos montes veciñais en man común en actuacións de mellora e protección forestal, retirar da base impoñible a contía das subvencións recibidas pola comunidade veciñal e establecer a posibilidade de elaborar un plan de investimento axeitado para garantir a sustentabilidade da recuperación do monte queimado

BOPG nº 293, do 18.04.2018

- 10/POC-004682 (29236)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da adaptación dos actuais seguros agrarios ás necesidades do sector e as medidas que está a levar a cabo para ese fin

BOPG nº 293, do 18.04.2018

- 10/POC-004683 (29237)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel

Sobre os datos referidos aos expedientes abertos por reclamación de danos causados polo xabaril nos distintos cultivos, a dispoñibilidade polo Goberno galego dalgún mapa ao respecto e as súas previsións referidas á súa compensación ás persoas afectadas, así como as novas medidas e/ou actuacións que vai pór en marcha para reducir e estabilizar a poboación desa especie

BOPG nº 293, do 18.04.2018

- 10/POC-004694 (29337)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa, Rodil Fernández, Olalla, Pontón Mondelo, Ana Belén, Rivas Cruz, José Luis, Bará Torres, Xosé Luís e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as medidas específicas que vai adoptar o Goberno galego diante da situación que está a padecer o sector primario na comarca da Limia, o mantemento dalgún contacto para ese fin cos sectores e concellos afectados e a avaliación da idoneidade de asumir os custos materiais a través de axudas directas, así como a información que posúe en relación co impacto da perda de cereal na zona

BOPG nº 293, do 18.04.2018

- 10/POC-004696 (29360)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre a opinión do Goberno galego referida aos posibles efectos do cambio climático no medio natural galego e na proliferación dos lumes, as actuacións previstas para adaptar os servizos de prevención e extinción de incendios ás vagas de lumes do século actual e as medidas que se deben adoptar ao respecto

BOPG nº 293, do 18.04.2018

- 10/POC-004698 (29380)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia para protexer os traballadores do rural que perderon as súas colleitas a consecuencia das fortes choivas dos últimos meses

BOPG nº 297, do 26.04.2018

- 10/POC-004700 (29394)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David

Sobre a valoración da Xunta de Galicia referida á xestión levada a cabo en relación coa madeira queimada polos incendios que aínda permanece nos montes e as medidas previstas ao respecto

BOPG nº 297, do 26.04.2018

- 10/POC-004706 (29454)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para compensar as gandeiras e gandeiros polos falsos positivos nas probas para o control sanitario do gando vacún que se están a dar en moitas explotacións de Galicia

BOPG nº 297, do 26.04.2018

- 10/POC-004711 (29500)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón, Rodríguez Estévez, David e Quintero Araújo, Paula

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario do 25 de setembro de 2015, referido á posta en marcha dun plan de fomento da horticoltura e da fruticultura, así como da agricultura ecolóxica, e a estratexia da Consellería do Medio Rural para o desenvolvemento do sector hortícola no tocante á comercialización, investigación, asesoramento e xestión da terra

BOPG nº 297, do 26.04.2018

- 10/POC-004715 (29509)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio

Sobre a posible certeza da Consellería do Medio Rural respecto da inexistencia de máis concellos afectados pola praga de couza guatemalteca da pataca, os datos referidos ás trampas colocadas nos concellos que están fóra de tampón para combatela, os seus resultados e as capturas rexistradas nas colocadas nos concellos non afectados, así como as medidas que vai adoptar para atallar a súa expansión

BOPG nº 297, do 26.04.2018

- 10/POC-004762 (29928)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Quintero Araújo, Paula

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para erradicar a praga de *Xylella fastidiosa*, que afecta a oliveira, a vide e as froiteiras, no caso da súa entrada en Galicia

BOPG nº 300, do 04.05.2018

- 10/POC-004792 (30109)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel

Sobre os datos referidos ás axudas concedidas e libradas para paliar os efectos das inclemencias meteorolóxicas do ano 2017

BOPG nº 300, do 04.05.2018

- 10/POC-004796 (30143)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel

Sobre as razóns do rexeitamento nesta tempada das solicitudes presentadas polas persoas propietarias para o tratamento do chancro do castiñeiro polos servizos autonómicos
BOPG nº 302, do 09.05.2018

- 10/POC-004807 (30219)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da reparación de xeito urxente dos danos causados pola empresa encargada da retirada da madeira queimada nas pistas, cunetas e pasos de auga da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común A Trepá-Valdeguas, no concello de Riós

BOPG nº 302, do 09.05.2018

- 10/POC-004809 (30227)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Consellería do Medio Rural en relación co pastoreo nos terreos queimados

BOPG nº 302, do 09.05.2018

- 10/POC-004842 (30542)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís, Rodil Fernández, Olalla, Pontón Mondelo, Ana Belén, Rivas Cruz, José Luis, Prado Cores, María Montserrat e Presas Bergantiños, Noa

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para desbotar o proxecto do novo edificio da Consellería do Medio Rural previsto no convenio asinado co Concello de Lalín no ano 2008, as razóns da demora na adxudicación e acondicionamento do local arrendado na rúa da Ponte para a Oficina Comarcal Agraria, así como os datos referidos ás obras para ese fin

BOPG nº 306, do 18.05.2018

- 10/POC-004846 (30561)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre os datos referidos ao cumprimento do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais para o ano 2017 en relación coas misións dos distritos forestais e os obxectivos dos plans de prevención

BOPG nº 306, do 18.05.2018

- 10/POC-004875 (30798)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as razóns da supresión como declarables, nas axudas da política agraria común, dos pastos arbustivos e dos pastos sobre arboredo

BOPG nº 306, do 18.05.2018

- 10/POC-004884 (30865)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre o estado do avance e a relación de concellos afectados pola praga da avespiña do castiñeiro e os resultados da loita biolóxica contra ela mediante a solta masiva do parasito *Torymus Sinensis*, así como as previsións da Consellería do Medio Rural referidas á información a cada un dos concellos ao respecto

BOPG nº 309, do 23.05.2018

- 10/POC-004891 (30936)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis, Prado Cores, María Montserrat, Rodil Fernández, Olalla, Pontón Mondelo, Ana Belén, Bará Torres, Xosé Luís e Presas Bergantiños, Noa

Sobre os datos referidos ao cumprimento do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais para o ano 2017 no referido ao mantemento de xuntanzas nos distritos forestais para planificar os traballos coas comunidades de montes, asociacións gandeiras e agrarias, sociedades de caza e demais organizacións sociais, así como no tocante ao desenvolvemento de plans de educación e concienciación da poboación en relación cos usos do lume, con especial incidencia na poboación escolar e na educación medioambiental

BOPG nº 309, do 23.05.2018

- 10/POC-004924 (31186)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis, Prado Cores, María Montserrat, Bará Torres, Xosé Luís, Pontón Mondelo, Ana Belén, Rodil Fernández, Olalla e Presas Bergantiños, Noa

Sobre as razóns do Goberno galego para non divulgar no seu momento as zonas xeográficas en que se ían facer soltas masivas do parasito *Torymus sinensis* para combater a praga da nespriña do castiñeiro, a conveniencia de organizar charlas e de lles fornecer material divulgativo aos propietarios de soutos e novas plantacións co fin de non entorpecer a súa instalación, así como a incidencia, á vista da primavera e da brotación, nas novas zonas de instalación da nespriña e o alcance da súa expansión no último ano

BOPG nº 312, do 30.05.2018

- 10/POC-004928 (31217)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio

Sobre os mecanismos de control que está a aplicar a Consellería do Medio Rural para coñecer a expansión xeográfica da couza asiática do buxo, os concellos afectados por esa praga e a posta en marcha dalgún programa ou convenio coa universidade ou os centros de investigación co obxecto de procurar algún outro tipo de solución para a súa erradicación

BOPG nº 312, do 30.05.2018

- 10/POC-004931 (31248)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Sánchez García, Antón

Sobre os procedementos de formación física e psíquica destinados ao persoal destinado a participar nas tarefas de prevención e extinción de incendios forestais

BOPG nº 312, do 30.05.2018

- 10/POC-004933 (31258)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio

Sobre a creación dunha comisión técnica de seguimento da *Vespa velutina* ou tártago de patas amarelas

BOPG nº 312, do 30.05.2018

- 10/POC-004935 (31298)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis, Prado Cores, María Montserrat, Bará Torres, Xosé Luís, Pontón Mondelo, Ana Belén, Rodil Fernández, Olalla e Presas Bergantiños, Noa

Sobre os impedimentos existentes para a materilización das axudas prometidas para paliar os danos ocasionados pola vaga de incendios forestais do mes de outubro de 2017 ás explotacións gandeiras, nomeadamente ás do concello de Cervantes, así como as actuacións previstas polo Goberno galego en relación cos gandeiros afectados pola prohibición de pastorear nas zonas queimadas e as limitacións que padecen as persoas residentes en zonas protexidas

BOPG nº 312, do 30.05.2018

- 10/POC-004936 (31299)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David, Sánchez García, Antón, Villares Naveira, Luis e Vázquez Verao, Paula

Sobre os datos oficiais da Xunta de Galicia referidos aos ataques do lobo e do oso á cabana gandeira, ao sector apícola e aos propietarios particulares rexistrados no ano 2017, as solicitudes de indemnización dos danos causados presentadas nese ano e a súa tramitación, así como o orzamento destinado para ese fin e as previsións ao respecto

BOPG nº 312, do 30.05.2018

- 10/POC-004966 (31527)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre as medidas que está a adoptar a Xunta de Galicia para frear a expansión da mimosa (*Acacia dealbata*) e a súa opinión respecto da incidencia que ten esa especie na propagación dos lumes

BOPG nº 316, do 06.06.2018

- 10/POC-004973 (31572)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel, Vilán Lorenzo, Patricia, Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel

Sobre as previsións do Goberno galego para acadar un novo acordo respecto das condicións laborais e funcións dos axentes forestais e medioambientais de Galicia

BOPG nº 316, do 06.06.2018

- 10/POC-004990 (31674)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel

Sobre a incidencia que está a ter a praga da avespiña nos castiñeiros e soutos galegos no ano 2018, o tipo de seguimento que se está a realizar da súa expansión e as soltas do parasito *Torymus sinensis* levadas a cabo, así como o seu impacto

BOPG nº 316, do 06.06.2018

- 10/POC-004999 (31719)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis, Prado Cores, María Montserrat, Bará Torres, Xosé Luís, Pontón Mondelo, Ana Belén, Rodil Fernández, Olalla e Presas Bergantiños, Noa

Sobre a existencia dalgún risco de extinción da empresa pública Seaga, se é o caso, as súas causas e as razóns que hai para non recoñecerlles aos seus traballadores os traballos realizados para os efectos da súa inclusión nas listas de contratación da Xunta de Galicia, así como para non aplicarlles o V Convenio colectivo e continuar coa duplicidade de tarefas de prevención e extinción no período de alto risco de incendios

BOPG nº 316, do 06.06.2018

- 10/POC-005007 (31750)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre a opinión do Goberno galego referida ás causas da existencia de moitos predios aínda sen rozar como corresponde e a dispoñibilidade polos concellos de persoal suficiente para facer cumprir a normativa vixente na materia ou, se é o caso, as actuacións previstas ao respecto

BOPG nº 316, do 06.06.2018

- 10/POC-005009 (31756)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre as previsións do Goberno galego referidas á aplicación dunha subrogación aos traballadores de Seaga, incluíndoos no Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais, así como o establecemento dalgún diálogo co comité de empresa ao respecto

BOPG nº 316, do 06.06.2018

- 10/POC-005019 (31857)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis, Prado Cores, María Montserrat, Bará Torres, Xosé Luís, Pontón Mondelo, Ana Belén, Rodil Fernández, Olalla e Presas Bergantiños, Noa

Sobre as actuacións previstas pola Consellería do Medio Rural en relación co tesouro xenético que supón a colección de variedades autóctonas de maceiras depositada en Guísamo e Mabegondo e a realización dalgún estudo de mercado referido ás súas posibilidades de futuro e de implantación, así como a consideración da posibilidade de apertura dunha liña de axudas para novas incorporacións á actividade hortofrutícola e o reforzo da actividade existente con especies autóctonas

BOPG nº 319, do 13.06.2018

- 10/POC-005030 (31928)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula, Rodríguez Estévez, David e Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para controlar a praga da avespiña do castiñeiro, o seu custo e o asinamento dalgún convenio de colaboración con algunha empresa para frear a súa expansión, así como as súas previsións respecto da autorización de soltas masivas do parasito *Torymus Sinensis* e o pagamento de indemnizacións aos produtores de castaña afectados
BOPG nº 319, do 13.06.2018

- 10/POC-005032 (31934)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre os datos referidos á loita biolóxica contra a praga do gurgullo do eucalipto desenvolvida pola Xunta de Galicia mediante a solta do parasito *Anaphes nitens*

BOPG nº 319, do 13.06.2018

- 10/POC-005036 (31966)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre a adxudicación dalgún contrato ou a concesión dalgunha subvención pola Xunta de Galicia á empresa Rústicas Maferco

BOPG nº 319, do 13.06.2018

- 10/POC-005041 (32005)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis, Prado Cores, María Montserrat, Bará Torres, Xosé Luís, Pontón Mondelo, Ana Belén, Rodil Fernández, Olalla e Presas Bergantiños, Noa

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da incautación por cincuenta anos e a entrega á iniciativa privada daquelas comunidades de montes veciñais en man común que se consideren en situación de abandono, antes de tentar medidas de intermediación que respecten a titularidade da veciñanza comuneira

BOPG nº 319, do 13.06.2018

- 10/POC-005054 (32084)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da adaptación da subvención concedida para o proxecto de reforma dunha explotación de gando vacún de cebo no Concello de Ordes ao establecido nas bases reguladoras reflectidas na orde do 29 de marzo de 2017 e, se é o caso, a actuación que vai levar a cabo ao respecto

BOPG nº 323, do 20.06.2018

- 10/POC-005056 (32096)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David, Sánchez García, Antón e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre a posible información pola Xunta de Galicia, de xeito claro, a todos os concellos, distritos forestais, axentes forestais, técnicos, propietarios particulares e comunidades de montes veciñais en man común respecto da axeitada aplicación das novas normas de xestión de biomasa forestal, así

como da normativa legal vixente en materia de montes e de prevención e defensa contra os incendios forestais

BOPG nº 323, do 20.06.2018

- 10/POC-005072 (32267)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Sánchez García, Antón

Sobre a valoración da Consellería do Medio Rural respecto da concesión nun primeiro momento dunha subvención para unha explotación gandeira en Ordes sen dispor a persoa beneficiaria de licenzas de apertura nin de actividade

BOPG nº 323, do 20.06.2018

- 10/POC-005085 (32361)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis, Prado Cores, María Montserrat, Bará Torres, Xosé Luís, Pontón Mondelo, Ana Belén, Rodil Fernández, Olalla e Presas Bergantiños, Noa

Sobre as actuacións levadas a cabo e as medidas adoptadas pola Consellería do Medio Rural dende o ano 2015 para que na etiquetaxe dos produtos lácteos figure a súa orixe, así como as súas previsións en relación coas retencions da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia ao respecto

BOPG nº 323, do 20.06.2018

- 10/POC-005099 (32505)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio

Sobre a posición da Xunta de Galicia en relación coa redución do orzamento da Política Agraria Común que está a propor a Unión Europea e a súa distribución en España, así como as actuacións previstas ao respecto

BOPG nº 329, do 29.06.2018

- 10/POC-005108 (32566)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David, Sánchez García, Antón e Quintero Araújo, Paula

Sobre a avaliación da Xunta de Galicia en relación co informe emitido pola Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia respecto da proposta de regulación da etiquetaxe do leite

BOPG nº 329, do 29.06.2018

- 10/POC-005109 (32572)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David, Sánchez García, Antón e Quintero Araújo, Paula

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto da súa planificación en materia de loita contra os incendios forestais, as razóns existentes para que ningún concello galego conte cun plan de emerxencias, así como as previsións referidas ao incremento dos seus medios humanos e materiais para posibilitarlles o seu desenvolvemento

BOPG nº 329, do 29.06.2018

- 10/POC-005112 (32586)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David, Sánchez García, Antón e Quintero Araújo, Paula

Sobre as razóns do Goberno galego para non asignar ao grupo de cotización 8 as categorías de Bombeiro forestal condutor e Bombeiro forestal, así como as do suposto incumprimento polas xefaturas territoriais do acordo asinado o 8 de setembro de 2016 entre a Xunta de Galicia e as organizacións sindicais

BOPG nº 329, do 29.06.2018

- 10/POC-005127 (32692)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quintero Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación coa situación laboral do persoal que traballa contra os incendios no distrito forestal XI, a data prevista para a cobertura das súas baixas e vacacións, así como a súa opinión respecto da necesidade de implantar un servizo continuado contra o lume durante as 24 horas do día

BOPG nº 329, do 29.06.2018

- 10/POC-005131 (32713)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio

Sobre o tipo de medidas que está a adoptar a Consellería do Medio Rural para erradicar a tuberculose bovina no contorno da serra da Capelada, así como os datos referidos ás explotacións afectadas pola enfermidade e os animais que tiveron que ser sacrificados nos anos 2016, 2017 e no primeiro semestre de 2018

BOPG nº 329, do 29.06.2018

- 10/POC-005153 (13249)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción

Sobre as autorizacións de cortas e repoboacións forestais solicitadas nos anos 2015-2016

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 10/POC-003586 (22046)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín, Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre a situación das obras pendentes no porto de Cesantes (Redondela) e a existencia dun calendario e dotacións orzamentarias para o seu remate

BOPG nº 237, do 11.01.2018

- 10/POC-003615 (22199)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Toja Suárez, María Dolores

Sobre as accións do Goberno galego en relación co impulso da candidatura de Galicia como candidata a albergar o Laboratorio Comunitario de Control Bacteriolóxico de Bivalvos despois de que a Comisión Europea formulara a supresión deste organismo
BOPG nº 237, do 11.01.2018

- 10/POC-003635 (22265)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José

Sobre a carencia de información en relación cos datos do tránsito dos portos deportivos dependentes de Portos de Galicia no seu portal de transparencia

BOPG nº 242, do 18.01.2018

- 10/POC-003662 (22466)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat, Presas Bergantiños, Noa, Pontón Mondelo, Ana Belén, Rodil Fernández, Olalla, Rivas Cruz, José Luis e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre o cultivo da ameixa xapónica en Galicia

BOPG nº 242, do 18.01.2018

- 10/POC-003663 (22467)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat, Presas Bergantiños, Noa, Pontón Mondelo, Ana Belén, Rodil Fernández, Olalla, Rivas Cruz, José Luis e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a importación de semente de moluscos bivalvos en Galicia e a posibilidade de produci-lo de xeito autosuficiente

BOPG nº 242, do 18.01.2018

- 10/POC-003674 (22494)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén, Rodil Fernández, Olalla, Rivas Cruz, José Luis, Prado Cores, María Montserrat, Presas Bergantiños, Noa e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para recuperar a extracción do reloxo nos bancos marisqueiros

BOPG nº 242, do 18.01.2018

- 10/POC-003675 (22495)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat, Presas Bergantiños, Noa, Pontón Mondelo, Ana Belén, Rodil Fernández, Olalla, Rivas Cruz, José Luis e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a dispoñibilidade pola Xunta de Galicia dalgunha estratexia para a recuperación das poboacións de berberecho nas rías galegas e as medidas económicas adoptadas ou previstas para paliar a perda de ingresos ocasionada aos mariscadores pola súa mortalidade

BOPG nº 242, do 18.01.2018

- 10/POC-003677 (22498)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat, Presas Bergantiños, Noa, Pontón Mondelo, Ana Belén, Rodil Fernández, Olalla, Rivas Cruz, José Luis e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as razóns da inscrición das embarcacións adscritas ao Servizo de Gardacostas de Galicia no Rexistro Especial de Buques e Empresas Navieiras, con sede nas Illas Canarias

BOPG nº 242, do 18.01.2018

- 10/POC-003687 (22516)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Crespo, Carlos Enrique, Egerique Mosquera, Teresa, Pazos Couñago, José Alberto, Vega Pérez, Daniel, Calvo Pouso, Diego, Salorio Porral, María Soraya, García Míguez, María Ángeles e Rodríguez Arias, Marta

Sobre a valoración que realiza a Xunta de Galicia da implementación do Plan de rexeneración das zonas marisqueiras de Galicia

BOPG nº 242, do 18.01.2018

- 10/POC-003688 (22520)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Crespo, Carlos Enrique, Egerique Mosquera, Teresa, García Míguez, María Ángeles, Salorio Porral, María Soraya, Calvo Pouso, Diego, Pazos Couñago, José Alberto, Rodríguez Arias, Marta e Vega Pérez, Daniel

Sobre a evolución por segmento de frota das descargas e vendas nos últimos anos no caladoiro nacional do Cantábrico-Noroeste e a valoración do modelo establecido no plan de xestión do Goberno central vixente desde o ano 2015

BOPG nº 242, do 18.01.2018

- 10/POC-003697 (22540)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Crespo, Carlos Enrique, Egerique Mosquera, Teresa, García Míguez, María Ángeles, Salorio Porral, María Soraya, Calvo Pouso, Diego, Pazos Couñago, José Alberto, Rodríguez Arias, Marta e Vega Pérez, Daniel

Sobre os datos referidos ao apoio económico prestado polo Goberno galego no ano 2016 aos proxectos dos grupos de acción local do sector pesqueiro, as actuacións ao respecto para o ano 2017 e a valoración da evolución que presenta esta liña de traballo desde o ano 2009

BOPG nº 242, do 18.01.2018

- 10/POC-003703 (22583)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel, Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre a dispoñibilidade por Portos de Galicia dalgún proxecto para o arranxo da Casa do Reloxo, situada no concello de Mugarbos, así como a valoración polo Goberno galego da posibilidade de colaboración coa Administración local para a súa rehabilitación e posterior uso polo Concello

BOPG nº 242, do 18.01.2018

- 10/POC-003705 (22590)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat, Rodil Fernández, Olalla, Pontón Mondelo, Ana Belén, Rivas Cruz, José Luis, Bará Torres, Xosé Luís e Presas Bergantiños, Noa

Sobre a posición da Consellería do Mar en relación co proxecto de reapertura da mina de San Rafael, situada nos concellos de Touro e do Pino, a realización dun estudo das súas posibles consecuencias na ría de Arousa, nos bancos marisqueiros e na pesca, así como a actuación prevista ao respecto

BOPG nº 242, do 18.01.2018

- 10/POC-003708 (22599)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Crespo, Carlos Enrique, Egerique Mosquera, Teresa, García Míguez, María Ángeles, Salorio Porral, María Soraya, Pazos Couñago, José Alberto, Rodríguez Arias, Marta e Vega Pérez, Daniel

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia no presente ano e de cara ao futuro, co horizonte 2020, destinadas á conservación e restauración da biodiversidade dos ecosistemas mariños, así como a superficie aproximada de bancos marisqueiros que se prevé rexenerar

BOPG nº 242, do 18.01.2018

- 10/POC-003714 (22610)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

